

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002581	IES Alfredo Brañas	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	38

## 1. Introducción

Xeografía e Historia como disciplina escolar ten como principal papel profundizar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

En ambas dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, através de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía como textos e mapas históricos, gráficos, etc., a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Xeografía e Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos e históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e dun contexto histórico determinado. Precisamos a Historia para entender a Arte, e necesitamos a Arte para entender mellor a Historia.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Crise do Antigo Réxime. As Revolucións Burguesas e liberais. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	A primeira unidade do curso enlaza ca historia vista en 3º curso da ESO xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Nela describiremos o longo proceso da conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade. A Restauración emerxe como contrapunto que en vez de frear, acelera o proceso de expansión das ideas liberais e nacionalistas	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Crise do Antigo Réxime. As Revolucións Burguesas e liberais. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	(poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias), auténticos motores do s. XIX, xunto coas ideas marxistas e anarquistas. Todo elo modela a sociedade de clases decimonónica, que substitúe a sociedade estamental, cunhas bases ideolóxicas da sociedade de clases que analizaremos na propia unidade.	5	8	X		
2	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	Na segunda unidade abordamos a expansión do liberalismo e a conformación do Estado Liberal en España, usando as principais fontes que visualizan este proceso. Partindo da Guerra da Independencia mostraremos o lento e complexo proceso de transformación política e social e España e Galicia. Á vez valoraremos a evolución cultural da España do s. XIX en tanto en canto a formación dunha identidade multicultural compartida, partindo do Rexionalismo ata chegar a conformación e a importancia do Nacionalismo na España periférica, en especial no caso galego. E por último, valoraremos de xeito crítico, o papel das mulleres na España do s. XIX e o disño tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.	10	9	X		
3	As Revolucións Industriais: Cambios na política, economía e sociedade. Aparición do movemento obreiro e novas mentalidades.	Repasamos os principais cambios na política, na economía e na sociedade dos séculos XVIII e XIX, para enlazar en temas seguintes con unha das súas principais consecuencias, o Imperialismo colonial. Tamén se fará especial fincapé nas novas ideoloxías xurdidas a partir de este movemento.	10	8	X		
4	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galicia.	A unidade cuarta pecha o 1º trimestre e supón o colofón cultural e visual que permiten identificar cunha simple ollada os cambios impostos pola sociedade burguesa e o Capitalismo. Partindo do Realismo como bisagra entre a primeira e a segunda metade do s. XIX, clarificaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias: o Impresionismo e o PostImpresionismo.	5	8	X		
5	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	Na quinta unidade partiremos da análise das relacións internacionais no s. XIX que desembocan na Era do Imperialismo, carreira convulsa e frenética por	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	apoderarse do mundo extraeuropeo. Así mesmo valoraremos as causas, desenvolvemento e consecuencias do Colonialismo e os principais conflitos que advirten a futura Gran Guerra. Por último, e relacionado con este proceso, indicaremos as claves da revolución científico-técnica finisecular que provoca o gran desenvolvemento industrial, a captura de materias primas, a conquista de novos mercados e ao dominio do Mundo.	10	9		X	
6	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias.	A sexta unidade, aborda os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levan cara a Iª Guerra Mundial, acontecida trala paz armada. Describiremos os principais acontecementos da guerra e as súas repercusións.	10	9		X	
7	A Época de Entreguerras: Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. A Revolución Rusa. O auxe do Fascismo.	Abórdaranse as relacións internacionais como consecuencia da Iª Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). Integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a II Guerra Mundial. A economía de entreguerras permítenos explicar os factores económicos como detonante político e social, facendo especial diagnose do crack do 29. A súa vez indicaremos a conquista dos dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas.	10	9		X	
8	España no S:XX: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	Na octava unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración e a Guerra do 98 ata a IIª República e a Guerra Civil. En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da IIª República española. Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	España no S:XX: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	papel social.	10	8		X	
9	A Segunda Guerra Mundial. A Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	Na novena unidade, primeira do 3º Trimestre, falamos da IIª Guerra Mundial e do proceso de reconstrucción posterior. A segunda parte do tema será a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do 3º Mundo. Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. A Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa. Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).	10	10			X
10	España no S.XX: O Franquismo (1939-1975). A represión e a memoria democrática. A Transición. Cambios políticos e sociais.	Na décima unidade, abordaremos a Ditadura Franquista ao describir as súas principais etapas e características. Valoraremos criticamente a represión e as experiencias traumáticas provocadas pola Guerra Civil e polos corenta anos de Ditadura, distinguindo o diferente papel da historia e a memoria democrática, e o importante papel desta na reconstrucción social e política da España actual. Abordaremos tamén a Transición política e a configuración do estado democrático en España e o seu camiño cara o Estado de Benestar.	10	9			X
11	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	Na décimoprimeira unidade, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuir á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible. Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. Tamén se abordarán os novos movementos sociais dun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+, facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da	5	9			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.	5	9			X
12	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVangarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	<p>A duodécima e derradeira unidade, estará dedicada aos principais movementos e expresións artísticas e culturais do s. XX e XXI: Primeiras e Segundas Vanguardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. Faremos especial fincapé na arte actual en España e Galicia, destacando aos principais artistas e o noso patrimonio como ben e como recurso. Valoraremos a posta en valor, difusión e gestión da riqueza patrimonial e a súa importancia na nosa realidade, á vez que fomentaremos o respecto e a conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</p> <p>Por último, analizaremos a diversidade cultural no mundo actual.</p>	5	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Crise do Antigo Réxime. As Revolucións Burguesas e liberais. Os movementos Nacionalistas. Bases ideolóxicas da sociedade de clases.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido e relacionalas con outros procesos históricos utilizando un vocabulario axeitado e específico	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar e relacionar varias características do proceso histórico referido.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido e relacionalas con outros procesos históricos utilizando un vocabulario axeitado e específico		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido e é capaz de relacionalas con feitos do pasado e do presente.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Participa nos debates realizados na aula expresando xuízos de maneira crítica e respectuosa, usando un vocabulario adecuado.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> </ul>

**Contidos**

- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
2	A construción do Estado Liberal en España no s. XIX. Evolución cultural, Rexionalismo e Nacionalismo.	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.	PE	70
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, usando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.</li> <li>- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.</li> <li>- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.</li> <li>- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.</li> <li>- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.</li> <li>- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	As Revolucións Industriais: Cambios na política, economía e sociedade. Aparición do movemento obreiro e novas mentalidades.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.</li> <li>- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.</li> <li>- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.</li> <li>- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galicia.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos utilizando un vocabulario de termos artísticos axeitado.	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos utilizando un vocabulario de termos artísticos axeitado.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movements artísticos do século XIX en España e Galicia.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</li> <li>- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A época do Imperialismo e o novo Colonialismo. As transformacións científicas e tecnolóxicas finiseculares.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido, utilizando un vocabulario axeitado e relacionándoas con procesos do pasado e do presente.		
